

11 DE SETEMBRO



Tít. orixinal: 11'09'01 - September 11
Ano: 2002
Duración: 130 min.
País: Varios
Dirección: Samira Majmalbaf,
Claude Lelouch,
Youssef Chahine,
Danis Tanovic,
Idrisa Uedraogo,
Ken Loach,
Alejandro González Iñárritu,
Amos Gitai,
Mira Nair,
Sean Penn,
Shoei Imamura
Reperto: documental
Productora: coproducción Gran Bretaña - Francia

Xénero: documental
Para tódolos públicos

Sinopse: 11 realización, 11 historias, 11 puntos de vista do atentado contra as Torres Xemelgas e o Pentágono, un suceso que cambiou a historia do século XXI. Unha visión segundo realizadores e realizadoras de Irán, Francia, Exipto, Bosnia-Herzegovina, Burkina Faso, Reino Unido, México, Israel, India, Estados Unidos e Xapón.

O día dos reproches

(tomado de <http://www.miradas.net/>)



Tras os atentados do famoso día parecía imprescindible facer a rosca dalgún xeito ao xefe ultraxado. Parece que así naceu a idea de facer esta película, na que 11 directores de diferentes países e culturas deberían dar a súa visión do famoso día. Pero o que o principio parecía un exercicio de compracencia e burdo peloteo transformouse en algo moito menos compracinte por obra duns directores en moitos casos comprometidos pola causa da xustiza, por riba incluso de consideracións politicamente correctas. Non é o caso de todos os episodios, pero moitos aproveitan para lanzar un dardo ó "inocente"

amigo americano.

A idea é a seguinte. Facer 11 curtametraxes dunha duración exacta de 11'9'' e 1 fotograma. Todos (ou case) cumpren a premisa, pero hai algunhas visións moi críticas coa política exterior americana, e aproveitan para reclamar a atención do espectador sobre outros temas que quedaron afundidos baixo a avalancha do monopolio da dor que pretenden ter os americanos (como si outros non tiveran moitas máis razóns para queixarse).

Centrándonos no tema puramente cinematográfico debo dicir que, como todas as películas neste formato, algúns dos curtos están moi ben e outros son moi malos (para o meu gusto, se entende). Do que non se libra case ningún é do corsé que supón ter predeterminada a duración. Así, algúns alónganse demasiado para contar algo que necesitaría moito menos tempo, e outros téñeno que resolver de forma demasiado apresurada. Como si do curto non fora o seu.

Comeza a cinta cun episodio da iraní Samira Makhmalbaf. É un dos que máis me gustaron, e un dos máis contundentes. Tras o atentado, unha mestra trata de explicar aos nenos que pasou algo moi grave. Pregúntalles que é; un dí que dous homes do pobo morreron ao sacar auga do pozo, unha nena conta que á súa tía enterrárona ata o pescozo e apedrárona, pero a mestra dí que foi algo máis grave. O máis duro e polémico quizais sexa o do exipcio Youssef Chahine, anque cinematográficamente non está entre os mellores. Tras os atentados ao director aparécelle unha pantasma dun marine americano de orixe árabe morto nun atentado en Beirut. Este condúceo aos lugares onde se xestan os atentados, sempre alí onde se primaron os intereses americanos e israelís sobre a xustiza. O curto non xustifica a violencia, e lamenta tanto que morra xente inocente como que mozos con toda a vida por diante se inmolen por calquera causa, pero amosa o marco da rabia e a dor no que nace a violencia e pide a berros unha solución para ela.

Tamén o do británico Ken Loach, moi na súa liña, profundiza nas feridas da política exterior e os intereses imperialistas. Un exiliado chileno manda unha carta aos Estados Unidos expresando a súa dor polo que sufriron e pedíndolles que recorden outro 11 de setembro no que os inimigos da liberdade liderados polo xeneral Pinochet e respaldados polo goberno americano derrocaron ao goberno democrático elixido polo seu pobo. Outros días 11 conmemora o bosnio Danis Tanovic, nos cales as mulleres exiliadas de Srebrenica maniféstanse para reclamar a súa situación. Pero o 11 de setembro as mulleres non queren saír á rúa: están todas interesadas no que pasa e sabendo que ninguén lles vai facer caso ese día. Pero unha moza e un mutilado deciden saír, por eles mesmos e polos que caeron ese día. Quizá sexa un dos máis líricos e fermosos dos que forman esta longametraxe. Entre os demais, gustaríame destacar moi especialmente o que pecha a cinta, o dirixido por Shohei Imamura. É o que menos ten que ver co tema, pois a súa mirada é moito máis universal que os que se centran no día sinalado. Trátase dunha metáfora dos horrores da guerra, e unha declaración contra todo dogmatismo que xustifique e utilice a violencia para defender calquera doutrina.

O resultado global da película é bastante interesante, pero pola disparidade de estilos e puntos de vista o resultado, como en todas as propostas deste formato que teño visto, é irregular. Non creo que ninguén saia do cine completamente satisfeito nin desilusionado.